

a *Movida*
go

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - ABRIL - 2025

LÉVAME!
VOU CONTIGO



**NON É
CIDADE
PARA
BIBLIOTECAS**


AMOVIDA.GAL



**¡VEN Y
CONOCE A
GABBY!**


**EL 11, 12, 14,
15, 16, 17 Y 19
DE ABRIL**

 **vialia**
ESTACIÓN DE VIGO




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.




LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.




PÁX. 7
CYNTHIA MENÉNDEZ



PÁX. 9
**NON É CIDADE
PARA BIBLIOTECAS**



PÁX. 11
LUME ELEMENTAL



PÁX. 23
**CIENCIA NA RÚA
PARA TODO O MUNDO**

- 5 SEN BIBLIOTECAS PÚBLICAS**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 TRAZO INDUSTRIAL**
- 6 CASTELAO**
- 12 #GPSI5**
- 13 MÚSICA AO VIVO**
- 14 OUTRAS MOVIDAS**
- 15 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 17 ESPAZOS Á MEDIDA PARA CELEBRACIÓNS...**
- 19 SEN BOLSA, POR FAVOR**
- 20 DELEITE LITERARIO**
- 21 MODA SINGULAR NO CORAZÓN DA CIDADE**
- 22 AXENDA MOVIDIÑA**
- 25 VECIÑANZAS: AS TRAVESAS**
- 27 IMPERDIBLES**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/channel/002991234567890123)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movida** → Volume 8 (3), abril de 2025 [65]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Manolo Bragado, Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Bea Fariñas

Edita: A Movida Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

@amovidavigo → amovida.gal



SEN BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Sendo capital editorial de Galicia dende hai 75 anos, Vigo padece unha grave carencia bibliotecaria. Con apenas dúas bibliotecas públicas, a Juan Compañel (1995), no Edificio Ferro, xestionada pola Consellaría de Cultura, e a municipal Xosé Neira Vilas (2011), no barrio do Calvario e de xestión privada, Vigo sofre un inédito negacionismo bibliotecario das autoridades locais, que identifican as salas de estudo con acceso a Internet, sen libros nin outros fondos, coas bibliotecas públicas. Doutrina coa que se abriron os espazos de estudo do Auditorio e de Navia, que, cumprindo un valioso servizo público a estudantes e opositoras, non poden entenderse de xeito ningún como bibliotecas.

Abonda con consultar o dicionario da Academia para saber que unha biblioteca é un «conxunto elevado de libros destinados á lectura do público», ao que cómpre engadir o seu carácter interxeracional e a súa responsabilidade no fomento da lectura. Carencia que podería ser mitigada pola apertura dunha biblioteca pública do Estado, prometida dende hai dúas décadas polo Ministerio de Cultura e que, por liortas entre Concello e Xunta, que por desgraza continúan, nunca acaba de arrincar. O de Vigo sen bibliotecas é unha anomalía que, infelizmente, desmerece a calidade de vida da propia cidade. Conviña revisala.



Manuel Bragado

Mestre e editor

POLO SEU 25.º ANIVERSARIO, a Vig-Bay bate récords de participantes. O domingo 6, máis de 5.000 atletas van percorrer os 21 quilómetros que separan a praia de Samil do parador de Baiona, mentres que preto de 2.000 cubrirán os 10 quilómetros que van desde Panxón ata a vila condal.


XA ESTÁ ABERTO O PRAZO para participar na segunda edición do Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza, que volve contar con dúas categorías: unha para orixinais escritos en galego e outra para castelán.



TRAZO INDUSTRIAL

por Newt

Como se chama a empresa que fundou na década dos sesenta o lucense **José Fernández López** xunto cos seus tres irmáns e mais a axuda de **Valentín Paz Andrade**?



Esta compañía puxo en funcionamento o primeiro buque conxelador da historia: o Lemos...



por Xurxo Martínez González

CASTELAO



A Xunta declarou 2025 Ano Castelao con apoio unánime. O legado plástico, literario ou político vive entre nós. Cadaquén acentuará unha ou outra faceta. Mais non se adultere o ser que foi. Corazón e mente no país. *Co pensamento na patria*, primixenio título do *Sempre en Galiza*. Castelao relevou a produción cultural por se entregar á acción política. Deputado na República, de fidelidade incorruptible; dirixente capaz do nacionalismo no exilio. O seu maior logro, o Estatuto. Tras o plebiscito de 1936, o texto aprobouse nas Cortes de México (1945). Reuníranse convencidas da derruba do franquismo cabo dos nazis. Fórmase un goberno con Castelao de ministro. Os devires consolidarian o feixismo en España, EUA mediante, degolando a espranza.

Castelao presidiu o Consello de Galiza como Goberno galego no exilio. En 2024 o Parlamento recoñeceuno como a primeira institución oficial de autogoberno. Ergo, Castelao, primeiro presidente do país. Moreas de actos lembrarano. En Vigo houbo xornadas no Marco e unha humilde exposición na Penzol. Eu hoxe miro pra a longa avenida, lazo As Travesas-Samil, a el dedicada. Falta o obrigado monumento ao protagonista. 2025 é data propicia pra que o Concello de Vigo tribute memoria ao primeiro presidente. A explanada dos Volcáns (campos da Fontaiña, en toponimia popular) chama por esa intervención. Eu sería feliz de verme como o cativo que medrou alí, na avenida de Castelao, Coia.



Cynthia Menéndez

Libreira e poeta

«O VIGO INDUSTRIAL É MÁIS SIGNIFICATIVO QUE O DAS LUCES»

SE LLE PREGUNTAMOS a *Cynthia Menéndez* (*O Calvario*, 1993) *por unha cor que defina a nosa cidade, esa sería, sen dúbida ningunha, a azul. Esa é a cor do mar e do mono que visten os traballadores dos estaleiros, aos que esta escritora dedica a súa primeira novela. A través da súa delicada prosa, achéganos a un episodio do noso pasado recente que nos fala de loita, camaradería, unión e dignidade.*

En que momento te decataches de que vivías nunha cidade industrial?

Teño moi gravado no meu imaxinario ese concepto de Vigo. As lembranzas de nena, non tanto das manifestacións, pero si da zona de Guixar, sobre todo dos guindastres. Esa imaxe da cidade sempre en construción.

Agora, ao ir fóra e ter que explicar de onde vés, dis que es dunha cidade industrial ou cres que xa non procede?

Creo que o mantería por convicción e por gusto, pero si que é verdade que, infelizmente, o paradigma mudou moito e o que fai famoso a Vigo é o tema turístico, as luces do Nadal e todo iso. Gústame pensar, igualmente —porque segue existindo a industria—, que podemos chamarlle así, cidade industrial. Sobre todo pola dignidade do naval e do sector pesqueiro, esta é unha cidade marítima na que moita xente vive diso, creo que deberíamos mantelo.

Dis que quixeches devolverlle a beleza a ese tecido industrial, en concreto aos traballadores. Cres que non se retrataron de maneira xusta?

Creo que non. Hai poucas obras de literatura obreira en España, e en Galicia en concreto. Creo que non se fixo un retrato suficientemente xusto ou bo dos traballadores, pero non só na literatura ou nas artes; tamén está a idea que reside no imaxinario da xente —que era o que me interesaba— do traballo e a industria asociados a algo gris, feo, algo sucio incluso. Eu quería cambialo, e por iso empreguei a cor azul no canto da gris. Para retratar o sector naval, quería falar da beleza e dignidade desas persoas que o conforman e tamén do que hai ao redor: as familias, os barrios...

No libro retratas ben a personalidade de cada un deses traballadores, pero tamén te detés a explicar os seus oficios. Así coñecemos que, por exemplo, non é o mesmo un tubeiro que un fregador.

Un dos obxectivos do libro era conseguir facer eses retratos individuais dos obreiros e evitar o colectivo. Poder utilizar a novela para crear personaxes que fosen quen de emocionar e de conectar coa xente.

Por que decidiches escribir unha novela sobre o Vigo industrial?

Gústame moitísimo retratar as cidades, os barrios... Os lugares son diferentes, e por iso a xente que os habita tamén o é. Eu sabía que quería facer algo sobre Vigo e que quería facer literatura obreira, porque é un xénero que a min, particularmente, me gusta moito.

Escanea o código QR para ler a entrevista completa en amovida.gal





**«Estamos moi
desconectados
do que significa ter
un compañeiro nun
mundo cada vez máis
individualizado»**



**«Hai moitas persoas que
reconectaron con esta
cidade ao ler o libro»**



Non é cidade para bibliotecas

O 23 DESTE MES CELÉBRASE o Día do Libro para conmemorar o falecemento de tres figuras clave das letras universais acontecidos ese día en 1616: **Inca Garcilaso de la Vega**, **William Shakespeare** e **Miguel de Cervantes** —aínda que este último finou na xornada anterior, o 22—. Seguindo cos libros e coas efemérides, neste caso de carácter local, o pasado 11 de marzo a Biblioteca Juan Compañel sobraaba trinta candeas. A principal biblioteca local ten unhas cantas particularidades: é a única biblioteca territorial de Galicia que é de propiedade municipal pero de xestión autonómica e, malia o seu reducido espazo, é a que conta con máis usuarios (52.500), préstamos (por riba dos 220.000 en 2024) e fondos (máis de 220.000 exemplares de distintos materiais) de toda Galicia. A outra biblioteca pública da cidade —esta si de propiedade e xestión municipais— leva o nome do escritor de Gres (Vila de Cruces) **Xosé Neira Vilas**. Situada na parroquia de Lavadores, ben preto da Escola Oficial de Idiomas, inaugurouse o 24 de marzo de 2011. Para coñecer o motivo desta localización, tratamos de contactar coas persoas responsables do centro, mais fomos

redirixidos á Concellería de Cultura: «Naceu como unha biblioteca de proximidade e por iso se elixiu situala na zona de Lavadores», responderon de modo sucinto. Este espazo, conforme as cifras ofrecidas, conta con case 21.000 socios e atendeu 53.544 persoas ao longo de 2024, con 46.584 préstamos de libros ao ano. No fondo constan 26.965 documentos e, ademais, dispón da plataforma en liña Efilm Vigo, que ofrece arredor de 5.000 títulos cinematográficos de xeito gratuíto. Segundo comenta a concellería, ese é o apartado que máis medrou nos últimos tempos.

Podería semellar, pois, que Vigo dispón dunha grande oferta para as persoas ás que lles gusta ter follas encadernadas entre as mans. O certo é que non: tendo en conta que é a cidade máis extensa e poboada de Galicia, só alberga dúas bibliotecas públicas, mentres que A Coruña, cuns 50.000 habitantes menos, goza de oito municipais (mais un punto de servizo), unha provincial e outra autonómica. Non temos que ir tan lonxe nin a lugares tan concorridos para atopar exemplos de boas praxes: Redondela, con menos de 30.000 habitantes, ten dúas bibliotecas →






«**V**igo é a única cidade española de máis de 200.000 habitantes que só conta cun espazo destas características de titularidade e xestión municipais»

municipais e Cangas, con 27.000, ten catro. Isto choca frontalmente coas indicacións feitas polo Ministerio de Cultura no documento *Sistemas urbanos de bibliotecas*, que recomenda unha por cada 15.000 habitantes e a menos de vinte minutos do lugar de residencia. As cifras meten medo: Vigo ten 0,05 bibliotecas por cada 15.000 habitantes, mentres que Valladolid, unha cidade dun tamaño similar ao da nosa, ten 0,96, é dicir, 19 bibliotecas en total. De feito, Vigo é a única cidade española de máis de 200.000 habitantes que só conta cun espazo destas características de titularidade e xestión municipais.

Abrir novas bibliotecas públicas, malia ser unha nova que toda a cidadanía celebraría e gozaría, non semella unha medida tan prioritaria para o Goberno local como cubrir Vigo de luces, por exemplo. Por ilustralo con cifras: os orzamentos do Concello de Vigo para bibliotecas neste 2025 é de 1.150.000 euros, mentres que para

o alumeado de Nadal de 2024 se dispuxo de 3.353.000 euros, o triplo. As contas fanse soas: polo que nos custa o Nadal, Vigo podería ter outras tres bibliotecas públicas máis. Cuestión de prioridades, supoñemos. Parafraseando o título da novela de **Cormac McCarthy** publicada hai vinte anos, Vigo non é cidade para bibliotecas.

[...]



INE 2023 e Directorio de bibliotecas públicas de España do Ministerio de Cultura e Deporte

Escanea o código QR para acceder á reportaxe completa en amovida.gal



4 Elementos

Lume elemental

No centro histórico da vila de Tui, a poucos metros do mosteiro de Santo Domingo e á beira do río Miño, emerxe **4 ELEMENTOS**, un restaurante que busca diversificar a gastronomía local con orixinalidade e experiencia baixo a batuta do inquieto chef **Isaac Miguez**.

A carta está dividida en catro bloques, cada un dedicado a un dos elementos matrices da existencia. No apartado Aire atópanse elaboracións que involucran procesos de curación e afumadura, como o paté de peixe azul afumado ou o tártaro de Wagyu madurado. A sección Terra celebra os produtos da horta e o campo ofrecendo desde unha grellada vexetal con seitán, repollo, allo porro e millo á brasa ata opcións como berexena asada, cenoria salteada con aderezo de cacahuete ou repolo con base cremosa, crocante de millo e salsa de sésamo. Lume é o reino das brasas, onde a grella, alimentada con madeira de carballo, adquire un protagonismo especial. Atopamos carnes como o selecto corte *T-bone*, o solombo de vaca madurada ou o porco de raza Duroc con glasa de marmelo. Por último, o elemento Auga tráenos produtos do mar elaborados á brasa, como as vieiras, os gambóns con salsa de piña, a robaliza, o polbo ou o lombo de bacallau con patatas. Os ciclos da natureza reflíctense en toda a

carta a través dos produtos de tempada, adquiridos no mercado da vila ou plantados por eles mesmos na horta da zona exterior do restaurante. Os pementos de Padrón, os tomates, os porros... son en boa medida de colleita propia.

O local está situado nunha gran casa de planta baixa e teito alto e distínguese pola amplitude do salón, que permite acoller tanto comensais

individuais como grandes grupos e eventos. O número catro repítese continuamente. Catro son os socios que puxeron en marcha o proxecto e tamén son catro os espazos: unha zona de cóctel, cunha orixinal barra curva verde; unha zona de comedor, con posibilidade de pechar un reservado acristalado para comidas de grupos; a zona *lounge*, con cómodos sofás nos que acompañar unha bebida coas súas ricas

patacas caseiras trufadas, e a zona exterior, con dúas amplas terrazas. Conta, ademais, con espazo de aparcamento.



- **Lugar:** Tr.ª de Santo Domingo, 16, Tui.
- **Distancia desde Vigo:** 32 quilómetros (aprox.).
- **Arredores a visitar:** a Catedral de Santa María, o Paseo Fluvial, a xudería ou os próximos concellos de Tomiño e Valença.
- **Información:** 604 48 66 58 • @4elementostui

#GPS15

Continúan os concertos enmarcados no circuío Girando por Salas. Esta proposta ten como obxectivo apoiar artistas emerxentes de todos os estilos, tanto solistas como bandas, mediante axudas para a celebración de concertos fóra da súa comunidade autónoma.

CARMESI



No 2023 esta cantautora murciana con formación de conservatorio rachou coa idea de artista elegante e correcta para sorprendernos con temas de pop urbano bailable e aberto. O obxectivo do seu directo é engadir á emoción das cancións, o carácter próximo e ata cómico da artista.

- **Gustaranche se che gustan:** Zahara, Rigoberta Bandini, Merino, Amaia, La Bien Querida, Chica Sobresalto, Natalia Lacunza e Miss Caffaina.
- **Data e hora:** venres 4 de abril ás 21:00 h.
- **Lugar:** sala La Pecera.
- **Prezo:** 10,00 € anticipada / 12,00 € billeteira.

EL NIDO



As cancións deste grupo parten dos sons e ritmos da música tradicional de Castela e León, como procura de orientación e identidade nun presente cada vez máis acelerado e convulso. Os seus temas soan a praza de aldea e pandeireta, desde un punto de vista plenamente contemporáneo. Nesta xira presentan o seu segundo traballo, *La Constancia*.

- **Gustaranche se che gustan:** Rodrigo Cuevas, La M.O.D.A. e Maestro Espada.
- **Data e hora:** domingo 13 de abril ás 18:30 h.
- **Lugar:** sala Rebullón
- **Prezo:** 8,00 € anticipada / 10,00 € billeteira.

SARRIA



Cunha combinación de talento e autenticidade, Sarria irrompeu con forza na escena nacional para revitalizar o rock dos anos sesenta e setenta desde unha perspectiva contemporánea. O seu segundo álbum, *El mundo es cruel (pero creo en él)*, consolida a súa aposta polo rock retrofuturista.

- **Gustaranche se che gustan:** Bunbury, Los Zigarros e Héroes del Silencio.
- **Data e hora:** venres 16 de maio ás 21:30 h.
- **Lugar:** La Fábrica de Chocolate.
- **Prezo:** 12,00 €.



A CASA DE ARRIBA

Rúa de Martín Códax, 23

Martes 1 → 21:30 h → 6,00 € → **Manu Díaz Trío + Jam session**

Xoves 3 → 21:30 h → 6,00 € → **Jam in Blue**

Venres 4 → 21:30 h → 8,00 € → **Fernando Sánchez Quartet**

Sábado 5 → 21:30 h → 7,00 € → **Ferris Wheel Catastrophe**

Martes 8 → 21:15 h → 6,00 € → **Brais Lorenzo Trío + Jam session**

Venres 11 → 21:30 h → 9,00 € → **Little Bow Triplets**

Sábado 12 → 21:30 h → 5,00 € → **Galkan**

Martes 15 → 21:30 h → 6,00 € → **Felipe Villar Cuarteto + Jam session**

Mércores 16 → 21:30 h → 10,00 € → **Belén Bandera & Jaume Lombardo**

Xoves 17 → 21:30 h → 6,00 € → **Jam in Blue**

Venres 18 → 21:30 h → 8,00 € → **Gabriel McKenzie**

Sábado 19 → 21:30 h → 10,00 € / 15,00 € → **Sabela Cereijo**

Martes 22 → 21:15 h → 6,00 € → **Joan Fontenla Trío + Jam session**

Venres 25 → 21:30 h → 10,00 € → **Danny del Toro & Jay Doe**

Martes 29 → 21:15 h → 6,00 € → **Dave Guerreiro Quartet + Jam session**

VITRUVIA

Praza de Compostela, 5

Xoves 3 → 20:30 h → 14,00 € → **Camalea**

KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

Venres 4 → **Faul + Shitshow**

Sábado 5 → **Aniversario Ital Roots**

Xoves 10 → **Espectáculo de maxia**

Venres 11 → **Presentación Facela Festival**

Sábado 12 → **Yugoslavia + Death Whistle (Negro Saturno)**

Mércores 16 → **Gyoza + Mascada**

Venres 18 → **Not your Business + Detached + Youcanthide**

Xoves 24 → **Concerto + foliada**

Venres 2 → **Pablo y los Ciervos Dorados + Rüdiger + Dj Dinero**

Sábado 26 → **Festa Swing On**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Sábado 5 → 22:00 h → 13,00 € / 16,00 € → **King Sapo**

Domingo 6 → 19:00 h → Caixa inversa → **Cantometrics + Os Melidaos**

Xoves 10 → 20:30 h → 18,00 € / 23,00 € → **Exhorder + Elefantes Mutilados**

Venres 11 → 22:00 h → 13,00 € / 16,00 € → **Ovedriders**

Sábado 12 → 19:00 h → 18,00 € / 23,00 € → **Dakidarría + Seitura + Maskarpone + La DGT + Sapoconchosenconcho + Zurd2djs**

Domingo 13 → 19:00 h → 8,00 € / 10,00 € → **El Nido**

Venres 25 → 22:00 h → 10,00 € / 14,00 € → **Traspielas + Sofia Espiñeira**

Sábado 26 → 22:00 h → 10,00 € / 13,00 € → **Hector Guerra + Dj Sapoconcho**

Domingo 27 → 19:00 h → 12,00 € / 15,00 € → **Alama + Casa Palma**

**NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
MOITOS CONCERTOS EN VIGO.**



PICNIC SESIÓNS
SÁBADO 5 E DOMINGO 6 SAIÁNS

Evento familiar que ofrece actividades para todas as idades, mercado, comida e música a cargo de **Pakolas, Chungo Pastel, Anxo Araújo e Phantom Club.**

→ Todo o día → De balde

CORENTENA, GAME OVER
SÁBADO 12 TEATRO AFUNDACIÓN

O exitoso espectáculo de **David Perdomo e Xosé A. Touriñán** volve convertido nun videoxogo teatral no que os espectadores se poden converter en protagonistas.

→ 19:00 h e 21:30 h → Desde 16,20 €

A VIDA UN FRENESÍ
XOVES 24 AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

Lol e Pop protagonizan este espectáculo de pallasos que amosa a estupidez humana a través de pequenos sketches que falan do cotián de maneira enxeñosa e divertida.

→ 20:00 h → Desde 12,00 €

FESTIVAL CREATIVA
VENRES 25 E SÁBADO 26 VARIOS

Javier Jaén, Genie Espinosa, Javirroyo, Le Petit Patito ou **Mario Eskenazi** estarán no evento organizado por Galería Maraca e Chachachá Estudio.

→ Todo o día → De balde



CARMINA BURANA
VENRES 25
A DOMINGO 27
TEATRO AFUNDACIÓN

La Fura dels Baus converte a cantata de **Carl Orff** nun espectáculo sensorial, musical, teatral e enérxico a partir dun cilindro de dez metros de diámetro situado no escenario.

→ Venres ás 20:30 h, sábado ás 17:30 h e ás 20:30 h, e domingo ás 18:00 h

→ Desde 44,00 €

**NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
 PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
 MOITOS EVENTOS EN VIGO.**



/PONTEVEDRA/12 ABRIL 25/

Los que ni chatina ni balbina, venís a gastar saliva. Tendría que haber un río largo, cubierto con resacas con la vida.

RODRIGO CUEVAS

Venda de entradas en Woutick.es

/RECINTO FEIRAL/19.00H*/





LOCAIS RECOMENDADOS

-  CAFÉS
-  COMERCIO
-  CONCERTOS
-  COPAS
-  ESPECTÁCULOS
-  FORMACIÓN
-  GASTRO
-  PEQUERRECHOS



CORUXO

Carrasqueira

6

BALAÍDOS

A Florida

ESTADIO BALAIÇOS

Citroën

10

MOS

Avenida do Rebullón

14

29



- 1 **A CASA DE ARRIBA** *Martín Códax, 23*
- 2 **A MORADA** *Enrique Mañas, 6*
- 3 **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 4 **ARTESÁ** *Pi i Margall, 49*
- 5 **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 6 **ATÍPICO CIRCO** *Carrasqueira, s/n*
- 7 **CAIXA DE RITMOS** *Canellón dos Caños, 9*
- 8 **CAÑAVERAL** *Porta do Sol, 6*
- 9 **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
- 10 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 11 **FELICETTA GUALTIERI** *Alfonso XIII, 9*
- 12 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 13 **GALERÍA MARACA** *Doutor Cadaval, 12*
- 14 **KENGURU** *Avenida do Rebullón, 22 - Mos*
- 15 **KIDS & US** *Xirona, 8 e Urzaiz, 108*
- 16 **LACONTENEDORA** *Eduardo Iglesias, 11*
- 17 **LA TITA RIVERA** *Praza de Compostela, 17*
- 18 **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Carral, 15*
- 19 **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 20 **MAGIA EN LA MANGA** *Ferrería, 11*
- 21 **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 22 **MAPIS** *Pizarro, 47*
- 23 **MORRIÑA SHOP** *Praza da Pedra, 5*
- 24 **MUTA** *Joaquín Loriga, 9*
- 25 **PORTO CAFÉ** *Doutor González Sierra, 4*
- 26 **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 27 **PURO DELIRIO** *Teófilo Llorente, 43*
- 28 **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
- 29 **REBULLÓN, SALA** *Avenida do Rebullón, 23 - Mos*
- 30 **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
- 31 **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 32 **THE MONK PUB** *Serafín Avendaño, 12*
- 33 **VAIDHĚ** *Carral, 7*
- 34 **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
- 35 **WOODTOWN** *Camelias, 20*

→ Para máis info sobre os locais recomendados visita amovida.gal/locais-recomendados

Espazos á medida para celebracións memorables

ArteSá

ESTA RECENTE INICIATIVA impulsada polo historiador da arte **Jorge Sánchez** e a graduada en Belas Artes **Sabel Sabín** é o lugar axeitado para organizar unha festa cun ton artístico. A súa proposta baséase na oferta de talleres artísticos para encontros de ata 25 persoas, incluídas festas infantís. Para as celebracións dirixidas aos máis pequenos, ofrecen contacontos e creación de murais e colaxes colaborativos. Estas actividades complementáanse con música e xogos de mesa co obxectivo de asegurar un ambiente dinámico e entretido para a cativada. En canto aos eventos para persoas adultas, algunhas das propostas son o taller de retrato ou o de *dripping*, no que os participantes crean cadros abstractos a través do goteo de pintura. Tamén proponen as xornadas Vino Pinto, é dicir, beber viño e pintar ao mesmo tempo. Todas elas inclúen momentos para socializar e comer algo despois da actividade, así como unha pequena parte teórica. Sabel e Jorge teñen un lema: «Cultura e diversión, boa combinación!».



→ Rúa de Pi i Margall, 49
→ @centroartesa

As Cunchas

ESTE MESÓN ACTUALIZADO con máis de dúas décadas de tradición é coñecido polo seu menú do día e polos pratos clásicos ao forno e á grella, como o cabrito ou o bacallau. A carta, con petiscos e pratos principais caseiros, e a cálida atención de **María, Gonzalo e Xacobe** convidan á celebración e transportánnos ás mesas de toda a vida. Ademais do seu acolledor local principal, As Cunchas dispón dun espazo polivalente situado nun baixo próximo: Puerta 121. Este local anexo foi reacondicionado para albergar celebracións e reunións. Cunha capacidade aproximada para oitenta persoas e dous baños, dispón de dous ambientes distintos: unha zona interior na que se poden instalar mesas e cadeiras e unha segunda área con chan de céspede artificial, sofás e mesas baixas, cun ambiente máis relaxado. O restaurante ofrece flexibilidade en canto ao uso deste espazo. Os clientes que prefiren a liberdade de organizar e levar o seu propio menú poden alugar o local por bloques de catro horas. Quen prefira non ter que ocuparse de nada pode contratar os seus servizos de comida e bebida con persoal de sala incluído e ata decoración especial.



→ Rúa de Tomás A. Alonso, 117 → 678 96 10 30
→ ascunchas.es → @ascunchas



Meterías a todos os teus amigos no salón da casa? Se a resposta é non, seguro que te viches na situación de querer convidalos ao teu aniversario pero non contar co sitio axeitado para facelo. Estes cinco locais vigueses ofrecen solucións á medida para este problema. Espazos diáfanos, con cociña, con cátering, con actividades singulares ou incluso sobre a ría, nos que organizar un evento privado.

Bar Primavera

ESTA EMBLEMÁTICA CASA de comidas, con máis de catro décadas de historia na Ronda de Don Bosco, preséntase como unha opción versátil para celebracións, xa que podemos optar por gozar da súa recoñecida cociña caseira ou reservar un amplo espazo para eventos privados. Rexentado por **Sandra Rodríguez** e **Lino Bouzó** desde 2015, este mesón-tapería é moi apreciado polas súas racións de guisos tradicionais, táboas de embutidos e petiscos para compartir. A gran terraza asollada é un dos seus maiores atractivos, pero poucos coñecen o salón da planta baixa, un espazo amplo e diáfano para celebracións privadas de maior envergadura que recorda os *txokos* vascos, baixos nos que as cuadrillas de amizades se reúnen para cociñar e comer. O *txoko* do Primavera, que conta cunha cociña industrial profesional e baño propio, capacidade para unhas trinta persoas sentadas e ata cincuenta de pé e dispón dun horario moi flexible, é unha opción atractiva para quen busca un espazo privado e con autonomía para as súas celebracións, case como estar no salón da casa.



→ Rúa da Ronda de Don Bosco, 17 → 886 13 51 50
→ @barprimavera

Bluscus

SE BUSCAMOS ENGADIR O PLUS dun escenario idílico ao noso evento, Bluscus pon ao noso dispor o alugueiro de dúas embarcacións tradicionais con patrón e tripulación: o balandro tradicional Santa Cruz e a goleta Evangelina, ambos cunha capacidade de ata doce persoas e accesibles para persoas con mobilidade reducida. As posibilidades a bordo son variadas. **Pablo Mariño, Xoán Silva** e o seu equipo ofrecen un servizo de cátering, con opcións que van desde empanadas artesás ata menús máis elaborados que poden incluír a degustación de marisco e ostras frescas. Aínda que prefiren xestionar a comida para asegurar a comodidade e o bo funcionamento do evento, non se restrinxen a posibilidade de que os clientes leven algo, como a torta de aniversario. Tamén ofrecen a opción de *brunch* a bordo. A duración das saídas é flexible, desde un mínimo de dúas horas ata xornadas completas, nas que, por exemplo, podemos aproveitar para navegar ata as illas Cíes. Un plan especialmente popular é saír á tardiña para gozar do solpor a bordo.



→ Edificio Portocultura Oficina 3 Dársena 2
→ 657 63 59 99 → bluscus.es → @bluscus



Puro Delirio

SITUADO NO CORAZÓN da zona vella, Puro Delirio está consolidado como o único restaurante de Vigo no que a diversión é parte indisoluble do menú. O seu proxecto combina ceas temáticas, *escape rooms*, catas ás cegas e festas inmersivas cunha proposta gastronómica á altura e unha carta moi inclusiva para persoas veganas ou intolerantes ao glute. Os irmáns **Carlos** e **Paula Puga**, aos mandos do negocio, cambian periodicamente a temática do local. Estes días o restaurante é «El circo de los monstruos», mentres que en marzo foi un casino ao estilo de Las Vegas. Teñen menú do día e carta con primeiros, segundos e pizzas artesás, pero destacan por ser especialistas en deseñar menús de grupos para celebracións. Estes menús adaptanse ás necesidades de cada evento e poden incluír barra libre, así como a posibilidade de estender a comida con cócteles e música, sobre todo se os contratamos ao mediodía, cando teñen menos eventos programados. Para grupos reducidos recomandan anotarse nas actividades xa programadas, formando un equipo para xogar con outra xente na *escape room* ou no Furor. Para grupos grandes, a partir de cincuenta persoas, existe a posibilidade de pechar o local en exclusiva. Nestes casos, podemos elixir o menú desexado, idealmente en formato cóctel, para favorecer a interacción entre os convidados, seguido dunhas copas na discoteca.



→ Rúa de Teófilo LLorente, 43-45 → 986 04 65 36
→ [@purodeliriovigo](https://purodeliriovigo.com)

SEN BOLSA, POR FAVOR

A psicóloga madrileña **Ana Minué** vive desde hai catro anos en Galicia, terra da que está profundamente namorada. Cóntanos que comezou a coser coa axuda da súa avoa e esta afección acabou converténdose na súa marca de bolsos: **QUESIQUIEREHBOLSA (QSQB)**.

Esta marca reflicte a capacidade de Ana de atopar beleza e inspiración no que a rodea: os paseos, o cinema, a música, os libros, a moda e a rutina diaria da xente. Para confeccionar os seus bolsos, a deseñadora usa teas recicladas que vai atopando e fai moitas visitas a Retales Lida, unha tenda de toda a vida grazas á que pode encontrar materiais únicos para reutilizar ao tempo que apoia o comercio local.

QSQB reivindica o artesanal, o feito con agarimo e o próximo, así como tamén unha forma de consumo distinta e consciente. Entre os produtos que ofrece por encargo ou en coleccións cápsula atopamos bolsos, bandoleiras, fundas para computadores portátiles e ata para libros. Na súa web podemos ver os seus deseños orixinais e coloridos e os seus estampados para todos os gustos. Leva sempre enriba o teu Quesiquierehbolsa e non volvas pedir unha bolsa de plástico no súper!




→ qsqb.es → [@quesiquierehbolsa](https://quesiquierehbolsa.com)



A BELEZA (E TAMÉN O TERROR) TRAS A FIESTRA

O escritor e mestre **Antonio García Teijeiro** asómase todos os días á fiestra para observar ese Vigo no que pasa os días. Aí, no ceo e nas rúas ategadas de ruído, é quen de sacar á luz anaquiños de beleza que comparte todos os domingos no xornal *Faro de Vigo* e que agora recolle no libro *Sentado diante da fiestra*. Nel atopamos artigos sobre o poder da literatura e das palabras, a salvación da música, o potencial do fútbol e a necesidade de que a lingua galega teña futuro.

→ *Sentado diante da fiestra* → Antonio García Teijeiro → Elvira → 254 páxinas



A ESPIRITADA DE MOECHE

Os libros de **Cristina Sánchez-Andrade** xa hai tempo que resoaban en galego, pero non foi ata este último cando por fin a podemos ler na nosa lingua. *Habitada* conta a vida de Manuela, unha moza que viviu un corpo aberto cando un cura cubano se lle meteu na cabeza. Baseada na historia real da Espiritada de Moeche, esta obra está dividida en dúas partes: na primeira topamos a inocencia de Manuela, cun estilo que lembra ao de **Nell Leyshon**, e na segunda é o propio cura o que fala, cunha voz máis culta.

→ *Habitada* → Cristina Sánchez-Andrade → Inés Mosquera e Fabio Rivas (tradución) → Aira → 208 páxinas



AMIGOS UNICORNIOS

Ana Vigo dedica o seu último libro ás «persoas que non renuncian a crer que as fadas, estean onde estean, existen». En *Mundo Ocullo. O rescate do unicornio*, a autora pontevedresa volve mesturar o humano co mundo máxico, como xa fixera na súa obra anterior *Erica*. Neste caso atopamos a Iria, unha nena que coñece un monte de seres mitolóxicos (olláparos, demos, xacias) que lle servirán para estar un pouquiño menos soa e cos que terá que unir forzas para salvar o seu amigo unicornio Rixo.

→ *Mundo Ocullo. O rescate do unicornio* → Ana Vigo → Paula Cheshire (ilustración) → Xerais → 154 páxinas



#PuroDeleite

Galerías Fetén

Moda singular no corazón da cidade

A falta de saber o que acontece baixo terra, a rúa Elduayen está a gozar dunha nova vida desde hai un tempo. Tras anos de obras, a recente peonalización fixo que a Porta do Sol non exerza de barreira invisible para os paseantes, que agora se animan a camiñar devagar por esta rúa que leva o nome do responsable de implantar o ferrocarril de Vigo a Ourense en 1881. Nun destes paseos é imposible non fixarse nun cartel con forma de rombo con aire clásico pero, á vez, moderno: falamos de **GALERÍAS FETÉN**. Este local, ideado pola viguesa **Águeda González** e o coruñés **Xacobo Cacharrón** logo dunha etapa en Madrid, abriu as súas portas en novembro do pasado ano nun fermoso edificio de pedra con vistas á rúa. O obxectivo principal da parella era ofrecer algo distinto, que non houbera nada igual na cidade, e tras cinco meses abertos están a percibir esa resposta na clientela.

No interior da tenda, recollido e moi luminoso, atopamos roupa, complementos, calzado e decoración para o fogar. Nótase que todo está escollido e colocado con agarimo e, máis alá da súa evidente compoñente estética, cada obxecto agocha unha historia detrás. Os valores éticos, a produción responsable, o traballo manual, a singularidade ou o talento autóctono son algúns dos factores que inflúen á hora de seleccionar os produtos, que van rotando cada certo tempo. Ademais, moitos deles son practicamente exclusivos a nivel galego, polo que aspiran a converterse nunha parada obrigada para os amantes da moda e da artesanía que veñan a Vigo doutras partes do territorio. Algunhas destas marcas exclusivas son a xaponesa Moonstar e a madrileña Augusta, ambas de calzado. Por suposto, tamén atopamos firmas galegas nos andeis: Lalura,

Latonta, Montse Betanzos, NWHR, Pazo Gil Casares ou Alfarería Lista. Outras marcas dispoñibles son Abstract, BySamo, Carmen Says, Eleven People, Mantas Ezcaray, Studio Arde, The Cose, Unfeigned Gear, Water & Wines e Wouf. Águeda e Xacobo forman un tándem do máis propicio: ela, con ampla experiencia no mundo da moda; el, con dilatada bagaxe na atención ao público. A amabilidade de ambos, sempre cun sorriso na cara, fai que a visita ao establecemento, aínda que só sexa para botar unha ollada, xa pague a pena. Neste aspecto queren ser «unha tenda das de antes», antigos pero modernos.

Ao longo deste mes, da man de Galerías Fetén, sortharemos nas nosas redes sociais un floreiro de Alfarería Lista, unha candeia artesanal de aromas naturais feita de soia de Eleven People e unha fermosa caixa de mistos de Archivist Gallery.



→ Rúa de Elduayen, 28 → 646 20 00 07
→ [@galeriasfetenvigo](https://www.instagram.com/galeriasfetenvigo)



Na axenda de amovida.gal podes consultar estes e outros eventos para pequerrechos en Vigo.

axenda a Movidina

VIALIA

- * Martes 1 ás 17:30 h. Pequenos talentos. Gratis.
- * Martes 8 ás 17:30 h. Obradoiro coroa ovo de pascua. Gratis.
- * Venres 11, sábado 12, luns 14, mércores 16, xoves 17 e sábado 19. Las muñecas de Gaby. Gratis.
- * Martes 15 ás 17:30 h. Procura dos ovos de pascua. Gratis.
- * Sábado 19 ás 17:30 h. Sueños. Gratis.
- * Martes 22 ás 17:30 h. Contacontos e obradoiro de marcapáxinas. Gratis.
- * Mércores 23 ás 17:30 h. Día do Libro. Gratis.
- * Martes 29 ás 17:30 h. Benvida primavera. Gratis.



ATÍPICO CIRCO

- Un espazo de diversión e aprendizaxe para poñer a proba as habilidades de cadaquén con exercicios de acrobacia, equilibrio e malabares.
- * Sábado 5 ás 10:30 h no CEIP da Carrasqueira. Baby Circus en familia. 15,00 € (familia).
 - * Sábados 5 ás 12:00 h no CEIP da Carrasqueira. Circo en familia. 25,00 € (un adulto e un neno).

MAGIA EN LA MANGA

- * Sábado 5 ás 18:00 h. Maxia, misterios e outras historias. 8,00 €. A partir dos 6 anos.
- * Domingo 6 ás 12:00 h. Taller de iniciación á maxia, vol. 6. 8,00 €. A partir dos 6 anos.
- * Domingo 27 ás 12:00 h. Taller de iniciación á maxia, vol. 7. 8,00 €. A partir dos 6 anos.



Easter Time Fun Weeks

Reserva aquí tu plaza:



Campamentos Urbanos
14, 15 y 16 de abril





Ciencia na rúa para todo o mundo

TRAS O ÉXITO das dúas anteriores edicións, nas que se presentaron máis dun centenar de proxectos, o festival científico CinVigo - Ciencia na Rúa regresa á Porta do Sol os días 26 e 27 deste mes. Esta actividade, organizada polo Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina da Universidade de Vigo (CINBIO), preséntase como un evento de divulgación para todas as idades, onde a ciencia é a protagonista indiscutible. As persoas asistentes poderán gozar dun amplo abanico de actividades deseñadas para suscitar a curiosidade e o interese polo coñecemento científico, incluíndo experimentos, proxectos científicos, espectáculos, obradoiros e unha xincana científica.

Miguel Correa, director do CINBIO, móstrase feliz polo enorme crecemento da feira en só tres anos: «Coido que non existe ningún festival igual en España. Nós queríamos trasladalo á rúa para que todo o mundo poida participar e se sinta participe. En definitiva, que sexa como unha festa, non unha feira típica cuns *stands* nun pavillón». Correa estima que na edición anterior pasaron polo evento arredor de 45.000 persoas. Un dos piares do CinVigo é a súa feira científica, que nesta edición conta coa participación de preto de 260 estudantes de secundaria e bacharelato pertencentes a 32 centros educativos de Galicia (12 deles públicos), que explicarán a todas as persoas que se acheguen ás casetas os seus traballos experimentais, un total de 70 proxectos científicos. →





Entre os 58 docentes que acompañan a rapaza-da atopamos a **Pablo Blanco**, do IES Mendiño de Redondela, e a **Carmen Fernández**, do vigués IES Carlos Casares, ambos xa con experiencia á hora de asistir a este evento. Carmen valora moi positivamente a participación das súas alumnas no CinVigo: «Tes a posibilidade de ver e aprender do que fan outros centros, tomar ideas e facer contactos, porque, por exemplo, nós temos un club de ciencias e así podemos tecer redes entre nós». O proxecto que coordina leva como título *Ciencia das papilas gustativas. Desde a revolución umami aos supercatadores*, no que explicarán a relación do umami e o glutamato coas particularidades e identificación dos chamados *supercatadores*, persoas que posúen moitas máis papilas gustativas que o resto da poboación e que representan aproximadamente o 25 % desta. De feito, o IES Carlos Casares xa participou, con premio incluído, en anteriores edicións, o que serviu para que o grupo de estudantes acadise a outras feiras científicas en Barcelona e Bruxelas. «Abriulles moitas portas e melloraron moitísimo o proxecto inicial», di a docente. Pola súa parte, Pablo acode por primeira vez co IES Mendiño tras participar na pasada edición co IES de Beade. O seu proxecto trata sobre como os gases contaminantes de efecto invernadoiro teñen impacto sobre a acidez do océano, e Pablo destaca o bo facer das catro alumnas que forman o grupo: «A escolla da idea foi delas. É un alumnado moi voluntarioso que quere participar e que lle gusta o tema. Malia estar en bacharelato e ter moita carga de traballo, sacan tempo para avanzar co experimento no club de ciencias e nos recreos». Lembrando a participación do ano pasado, indica que «o pasaron en grande e ademais foi unha experiencia moi enriquecedora, especialmente para as alumnas que non están afeitas a falar en público. A mellora ao longo do CinVigo foi moi significativa; ao rematar a xornada xa eran auténticas expertas no tema polo feito de ter que explicar o proxecto de distintas maneiras e adaptarse a un público de idades moi diversas», conclúe.



AXENDA

- **A feira científica** conta con 70 proxectos de 32 centros educativos de Galicia: sábado 26, de 11:00 h a 14:30 h e de 16:00 h a 19:00 h, e domingo 27, de 11:00 h a 13:00 h.
- **Obradoiros infantís**: sábado 26, de 11:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, e domingo 27, de 11:00 h a 12:30 h. Con inscrición previa.
- **Xincana CinVigo Holmes**: sábado 26. Con inscrición previa.
- **Programa de radio Efervescencia**: domingo 27 pola mañá.
- **Espectáculo familiar Cienceando**: domingo 27 pola mañá.



PROGRAMACIÓN COMPLETA (PROXIMAMENTE):



CINBIO
Universidade de Vigo

Consello Social
Universidade de Vigo

XUNTA
DE GALICIA

Rede CIGUS
Centros de investigación do
Sistema Universitario de Galicia

Cofinanciado por
la Unión Europea

Fondos Europeos

FECYT

CinVigo - Ciencia na Rúa é posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Unión Europea, ademais de contar co apoio do Consello Social da Universidade de Vigo e do Concello de Vigo, así como doutros patrocinadores, que se suman á colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.



POSTS
cafe

Qué Churros!



Patapum Criança Respostosa



As Travesas

por Fernando Ruibal

Escanea o código QR para percorrer connosco anécdotas, histórias e lugares interessantes das Travesas.



Keitōsiña
La huerta a domicilio



Pan para todos

Panadería pastelería sin gluten



PENICHE 18

50



**COMO ALABAR
EN VOZ ALTA**



Espectáculo de danza da vi-
guesa Eva Comesaña.

- Venres 4 ás 19:30 h
- A Morada
- Gratis

**DÍAS EUROPEOS
DA ARTESANÍA**



A Fundación Artesanía de
Galicia ofrece talleres de cerá-
mica, coiro, pintura en tecido
e de *gyotaku* en saquetas de tea.

- Sáb 5 e dom 6 de 11:00 h
a 13:30 h e de 17:00 h a 19:00 h
- Museo do Mar → Gratis

**VERMÚ
DA CAIXA SWING**



Actuación do Coro Swing, di-
rixido por Rubén Fernández,
e sesión de baile social con
selección musical de Swing
On DJs.

- Domingo 6 ás 12:30 h
- Caixa de Ritmos → Gratis

**CANTOS DE DOR
E LIBERDADE**



Recital desta antoloxía poé-
tica na que Galicia canta a
Palestina. Os beneficios reca-
dados irán para UNRWA.

- Venres 11 ás 19:30 h
- A Morada
- Caixa inversa solidaria

**ÉRGUETE.
A PEGADA DAS NAIS**



Exposición que conmemora
o 40.º aniversario desta aso-
ciación formada por nais na
década dos oitenta para loitar
contra o narcotráfico.

- Ata o domingo 8 de xuño
- Museo Marco → Gratis

**EL CIRCO
DE LOS MONSTRUOS**



Os pallasos invaden o res-
taurante máis delirante para
ofreceren espectáculos de cir-
co familiar durante o día e de
circo dos horrores pola noite.

- De martes a sábado
- Puro Delirio → Varios prezos

CIRQUE DU SOLEIL®

Corteo™



24 ABRIL – 4 MAYO

COLISEUM / A CORUÑA



'LA RECONQUISTA'



HABRAHAM BARRIOS

@habrac

UniversidadeVigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas



a Movid
go

7 ANOS DE XORNALISMO CULTURAL INDEPENDENTE

Axúdanos a seguir medrando, subscríbete!

